



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DE LUGO PARA INTEGRAR A XESTIÓN AMBIENTAL NO SECTOR DA HOSTALERÍA COA REALIZACIÓN DE XORNADAS DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL E MATERIAS CON ELA RELACIONADAS, NO ÁMBITO DA PROVINCIA DE LUGO.

(1) A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de avaliación e control da incidencia que sobre o medio provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección da dita incidencia, a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio, a xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia e o impulso da investigación ambiental e o desenvolvemento tecnolóxico para o logro da adecuada protección ambiental.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a elaboración e seguimento dos programas autonómicos de prevención de residuos e dos plans autonómicos de xestión de residuos así como as accións de desenvolvemento destes, o fomento das accións de minimización da produción de residuos, da súa reutilización e reciclaxe e dos programas de colaboración cos concellos e con outras organizacións para a aplicación das accións indicadas, así como o fomento da economía circular, ademais da coordinación e seguimento da estratexia galega fronte ao cambio climático e, en particular, as actuacións relacionadas co cumprimento do Protocolo de Quioto.

(2) **Antecedentes:** Dado que un dos retos aos que se enfronta a sociedade en xeral (administracións, empresas, cidadáns ...) no actual contexto de economía circular, pasa por mellorar a xestión, a eficiencia no consumo de materias primas e enerxía, tratando de reducir ao máximo á produción de residuos e obter o maior aproveitamento dos recursos presentes neles, de cara a implantación dunha economía circular.

No marco da loita contra o cambio climático así como tamén a favor do fomento da economía circular, xogan un papel primordial a sensibilización, información e a formación en temas de sustentabilidade ambiental de todos os sectores da sociedade, e en concreto, como piares claves destacan a eficiencia enerxética e de consumo de auga, e a adecuada xestión dos residuos.





Así, resulta de grande interese por razón de oportunidade, desenvolver un proxecto de ámbito autonómico co sector hostaleiro de Galicia, tendo en conta que se trata dun sector moi importante na nosa Comunidade Autónoma, a través do cal poder incidir nestes piares xa expostos como liñas estratéxicas desta Consellería.

(3) **Finalidade:** Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería da provincia de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o 10 de novembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

(4) O convenio ten por obxecto establecer as condicións dun proxecto autonómico de sensibilización do sector da hostalería na provincia de Lugo que rexerán a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería para integrar a xestión ambiental no sector da hostalería na provincia por medio de medidas dirixidas ao impulso e mellora na ecoxestión do sector hostaleiro asociado á mellora no aforro de consumo de auga, o aforro enerxético, a minimización do desperdicio alimentario e a correcta xestión dos residuos, así como á realización de actividades de sensibilización.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A singularidade do proxecto ven determinada polas accións de sensibilización, responsabilidade social e sustentabilidade empresarial que se queren implantar no sector a nivel autonómico, como un elemento máis de competitividade e diferenciación.

As actuacións a desenvolver dentro deste convenio, a través da realización de xornadas de sensibilización, pretenden ser un eixo vertebrador da implantación de diferentes medidas de impulso e mellora na ecoxestión de todo o sector hostaleiro, incidindo na importancia de formarse na implantación de medidas de redución do consumo de auga, aforro enerxético, minimización do desperdicio alimentario e a correcta xestión dos residuos a través da reciclaxe.

Ademais, de forma complementaria ás xornadas de sensibilización, financiarase a compra de consumibles ecolóxicos para distribuír entre todos os establecementos asociados que o soliciten e que redunden directamente na minimización do desperdicio alimentario e no consumo responsable.

O recurso ao instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o sinalado, no seu interese público, social e económico de conformidade ao previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2018

(Asinado dixitalmente)

María Cruz Ferreira Costa

